

2017

AFFOU



ÍNDICE

1. DATOS DA ENTIDADE	4
2. FUNDAMENTACIÓN	5
3. PROYECTO DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA AFECTADOS/AS POR FIBROMIALXIA E FATIGA CRÓNICA	6
3.1. OBXECTIVOS	7
3.2. SERVIZOS E ACTIVIDADES	7
3.2.1. SERVIZO DE ATENCIÓN SOCIAL	7
3.2.2. SERVIZO DE APOIO PSICOLÓXICO	8
3.2.3. TERAPIAS FÍSICO-REHABILITADORAS	9
3.2.4. OCIO	11
3.2.5. SERVIZO DE INFORMACIÓN: DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN	11
3.3. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	15
3.4. RESULTADOS OBTIDOS	17
3.5. FUNCIÓNS ESPECÍFICAS REALIZADAS POLO TRABALLADOR SOCIAL	18
3.6. CONCLUSIÓN	19

1. DATOS DA ENTIDADE

NOME	Asociación de Fibromialxia, Síndrome de Fatiga Crónica e Sensibilidade Química Múltiple de Ourense
CIF	G-32303802
ÁMBITO DE ACTUACIÓN	Ourense (entidade provincial) <u>Sede Central:</u> Rúa Recadero Paz, 1 Baixo 678 636 037 - 675688196
<p>XUNTA DIRECTIVA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Presidenta: Marina Añel Murga. • Vicepresidenta: M^o Begoña López Rodríguez. • Secretaria: María Jesús Justel González. • Vicesecretaria: Josefina González Espinosa. • Tesoureira: Inés Vázquez Saavedra. • Vicetesoureira: Francisca Miranda Fernández. • Vogal: Pilar Tato Rodríguez. • Vogal: Lisardo Rodicio Borrajo. • Vogal: Lucía Cardero Iglesias. 	
COLECTIVO SOCIAL AO QUE ATENDEMOS	Persoas afectadas por Fibromialxia e/ou Síndrome de Fatiga Crónica e/ou Sensibilidade Química Múltiple e as súas familias
Nº SOCIOS/AS (dato Decemebro 2017)	95
ORIXE	2003
<ul style="list-style-type: none"> • Declarada de Utilidade Pública, resolución do 8 de abril de 2011 • Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) • Inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións co nº 2003/006107-1 • Certificado de Xestión e Control de Calidade ISO 9001:2008 	
SOMOS MEMBRO DE	DISCAFIS-COGAMI Federación Provincial de Asociacións de Discapacitados Físicos de Ourense

2. FUNDAMENTACIÓN

A **Fibromialxia** é unha enfermidade que se caracteriza pola existencia de dor crónica, principalmente do aparato locomotor, xeneralizado, difuso, sen lesión orgánica aparente e que pode acompañarse de outros síntomas. descoñécese a causa aínda que se atoparon alteracións xenéticas, neurofisiolóxicas, psicolóxicas e nos sistemas nervioso autónomo, endócrino e inmunolóxico, que producen unha alteración da percepción e da modulación da dor. Calcúlase que a padecen aproximadamente o 3% da poboación maior de 20 anos, o que fai desta enfermidade un problema de saúde pública importante e de difícil abordaxe.

O **Síndrome de Fatiga Crónica** é unha enfermidade que se caracteriza pola presenza dunha fatiga mental ou física intensa durante máis de 6 meses, sen causa aparente, que interfere nas actividades habituais, non mellora co descanso, podendo asociarse con outros síntomas. Non se coñece a causa aínda que existen diversas teorías entre as que se atoparían a infección por virus, as alteracións no sistema inmune ou de sustancias no sistema nervioso central. descoñécense os casos que pode haber, pero estimase un mínimo de 1 por 1.000 habitantes, o que supón miles de afectados.

Para poder sobrelevar estas enfermidades, é preciso facer exercicio físico, ter actitude positiva e procurar un cambio na mentalidade. Diversos estudos demostran que a hidroterapia e as prácticas de estiramientos musculares, axudan a aliviar os síntomas e manexar a dor. Tamén é imprescindible o apoio psicolóxico, xa sexa de forma individual ou grupal.

Hai que ter en conta que as persoas que sofren estas enfermidades, ven en maior ou menor grado, dependendo de varios factores (síntomas, as limitacións, nivel cultural, ciclo de vida onde están, apoio familiar...) afectadas as diversas esferas da vida como a económica e laboral debido ao incremento do gasto farmacéutico, aumento de baixas laborais, indemnizacións e pensións de xubilación anticipadas e tamén teñen moi deterioradas as esferas tanto familiar como social.

A día de hoxe, AFFOU é a única entidade a nivel provincial que ofrece este tipo de terapias físico rehabilitadoras e a atención psicosocial para as persoas afectadas por estas patoloxías, mediante a


busca constante de recursos, para poder ofertar ditas actividades sen que o custe das mesmas supoña un impedimento para a súa realización.

Un ano máis AFFOU puxo en marcha o “**Proxecto Integral a afectados/as por Fibromialxia e Fatiga Crónica**” grazas á colaboración de diferentes institucións e particulares, por iso, en en nome dos/as socios/as da entidade a quen representamos queremos dar as grazas por poder disfrutar de novo este **2017** dos servizos e actividades realizadas, contribuíndo así a unha mellora na calidade de vida das persoas afectadas e dos seus familiares.

RELACIÓN DE ASOCIADOS POR SEXO

A Asociación de Fibromialxia e Síndrome de Fatiga Crónica de Ourense, está constituída fundamentalmente por mulleres, un 92% dos asociados son mulleres fronte ao 8% dos socios varóns.

Ten que ver a prevalencia da enfermidade no sexo feminino fronte ao masculino, xa que é 21 veces máis frecuente nas mulleres.



3. PROXECTO DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA AFECTADOS/AS POR FIBROMIALXIA E FATIGA CRÓNICA

PROXECTO LEVADO A CABO DURANTE O ANO 2017, EN COLABORACIÓN E COFINANCIADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE OURENSE.



3.1. OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL: Mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por FM y SFC, e os seus familiares, a través da atención integral das súas necesidades.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Ofrecer información e asesoramento a afectados/as e os seus familiares, e elaborar un plan de atención individualizado para cada un/a.
- Conseguir reducir a dor e mellorar o tono muscular e a elasticidade.
- Conseguir reducir a ansiedade e o estres e evitar o illamento, fomentando as relacións sociais.
- Concienciar a sociedade sobre as nosas patoloxías e continuar co plan de formación.

3.2. SERVIZOS E ACTIVIDADES

3.2.1. SERVIZO DE ATENCIÓN SOCIAL

Dende o traballo social intervese avaliando as necesidades sociais dos/as socios/as e familiares , á vez que se fomenta unha actitude positiva en referencia á enfermidade/es, coa finalidade de normalizar a situación na que se atopan o antes posible. Para iso a traballadora Social é a responsable de proporcionar:

- Información acerca da Fibromialxia, o Síndrome de Fatiga Crónica e Sensibilidade Química Múltiple.
- Información sobre os servizos e actividades das que se dispoñen, así como noticias de interese relacionadas coas patoloxías que nos ocupan e o sector da discapacidade.
- Información e asesoramento das axudas e recursos sociais.

A atención realizouse de forma diaria na sede central de AFFOU, de luns a venres de 9:00 a 14:30 e os mércores de 16:30 a 19:00 horas .

Indicadores de intervención	Resultado alcanzado
Nº de usuarios/as atendidos/as	80 usuarios/as
Nº de intervencións anuais	120 intervencións
Novas valoracións	17 valoracións

3.2.2. SERVIZO DE APOIO PSICOLÓXICO

Nin a Fibromialxia nin o Síndrome de Fatiga Crónica son trastornos psiquiátricos. Sen embargo, a situación de dor e cansazo sostidos no tempo, rematan por mermar a calidade de vida, e en moitas ocasións, o estado de ánimo e incluso a valía persoal daquelas persoas que padecen estas enfermidades.

O apoio psicolóxico é fundamental para mellorar a situación emocional das persoas afectadas por estas enfermidades e os seus familiares e como consecuencia mellor a súa calidade de vida.

AFFOU ofrece dúas modalidades de este servizo:

- **Atención Individualizada:**

O tratamento axústase a cada paciente. Lévese a cabo unha avaliación exhaustiva de cada caso, e o paciente recibe un tratamento personalizado co seu correspondente seguimento e prevención de recaídas. É unha actividade continua no tempo, xa que a intervención psicolóxica individual é un recurso que debemos poder prestar en calquera momento, debido a que non se pode prever con antelación a demanda que poidan presentar os/as nosos/as usuarios/as de este servizo.

Estas terapias, lévanse a cabo nun local da entidade (Centro Integral de Servizos Aixiña) durante todo o ano a excepción do mes de agosto por mor das vacacións estivais da profesional.

Indicadores de intervención	Resultado alcanzado
Nº de usuarios/as atendidos/as	44 usuarios/as
Nº de intervencións anuais	58 intervencións
Novas valoracións	12 valoracións

▪ **Grupo de Axuda Mutua:**

A súa finalidade é proporcionar aos asociados/as recursos psicolóxicos para así poder controlar a dor; mellorar a calidade de sono; reducir a ansiedade; manexar a depresión..., e crear un espazo onde as persoas afectadas poidan comunicarse entre si, enriquecerse e axudar coas experiencias aportadas ao grupo. Trabállase tamén a estimulación neurocognitiva. Tamén se tratan de modificar actitudes e crenzas negativas sobre as súas capacidades e mesmo reducir a ansiedade que provocan esquecementos e limitacións.

Nº de asistentes	15 (13 mulleres e 2 homes)
Datas realización	Todos os mércores en sesións de dúas horas de 18:00 a 20:00 horas Dende xanero a decembro. Vacacións estivais en xullo e agosto
Lugar realización	Aula cedida pola Deputación Provincial, no Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense

3.2.3. TERAPIAS FÍSICO-REHABILITADORAS

Estas terapias foron coordinadas pola traballadora social da asociación. As actividades que este ano os/as socios/as nos demandaron foron ioga, fisioterapia e pilates.

Indicadores de intervención	Resultado alcanzado
Nº de usuarios/as atendidos/as	24 usuarios/as
Nº de intervencións anuais	244 sesións
Novas valoracións	10 valoracións

▪ **Ioga**

A práctica continuada desta actividade permite relaxar o corpo e a mente, fortalecendo os músculos doentes sen forzalos, reducindo a dor e o estrés. Así mesmo, o exercicio metódico de atención mental, axuda a mellorar a calidade psíquica, a afectividade, lograr sosego e equilibrio, sendo unha técnica para superar a ansiedade e pórle freo ó estrés, mellorando a saúde mental, emocional e orgánica dos afectados/as por estas enfermidades.

Tamén as posturas coñecidas como asanas, potencian e activan o organismo equilibrando o sistema nervioso autónomo.

Nº de asistentes	3 mulleres
Datas realización	Luns e mércores de 11:00h a 12:30h durante todo o ano
Lugar realización	Centro de ioga Kamala Devi

▪ **Fisioterapia**

A fisioterapia está considerada como un dos mellores tratamentos para o manexo e mellora da fibromialxia, xa que axuda a regular a diminución dos ataques de dor e é útil na mellora da actividade muscular e a rixidez, mellorando así o rango de movemento. É importante que as sesións sexan regulares, para poder apreciar os beneficios.

Nº de asistentes	13 mulleres e 1 home
Datas realización	Durante todo o ano, máximo 4 sesións ao mes por usuario/a
Lugar realización	Centro de fisioterapia “A Cuña”, “Kiko Gómez”, Centro de fisioterapia do Barco de Valdeorras e Celanova.

▪ **Psicomotricidade e Pilates**

Esta actividade dentro da Asociación, realizouse co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos usuarios e a independencia funcional. Esta actividade foi realizado no centro Saudeter, na Rúa Picasso nº12 – Ourense. O tratamento consiste en que a través do uso de diferentes materiais poder traballar diferentes partes do corpo, realizando exercicios o máis sinxelos posibles.

Nº de asistentes	7 usuarios
Datas realización	Marzo 2017
Lugar realización	Centro Ximnasio Saudeter, Rúa Picasso Nº12 - Ourense

3.2.4. OCIO

Taller de Manualidades

Trátase dun taller impartido de forma gratuíta por unha das nosas socias no que se realizan diversos traballos feitos a man (flores de papel, xarróns, cadros, centros de mesa...) e o seus obxectivos fundamentais son fomentar as relacións sociais, evitar o illamento e reducir a ansiedade e o estres, que acostuman a xerar as patoloxías que tratamos.

Nº de asistentes	8 (7 mulleres e 1 home)
Datas realización	Todo o ano Excepto xuño e agosto vacacións estivais
Lugar realización	CIS Aixiña – Sala de Boccia

Taller de Risoterapia

Este taller de risoterapia foi impartido de forma gratuíta polos voluntarios de AFFOU. Tivo lugar no centro cívico A Cuña nos meses de Abril e Novembro. Os obxectivos deste taller foron fomentar as relacións sociais, evitar o illamento, reducir o estres e a ansiedade. Para iso os voluntarios utilizaron diferentes actividades e xogos, nos que a alegría, a sonrisa, os pensamentos, etc... se xuntaron para realizar este taller.

Nº de asistentes	6 usuarios (6 mulleres)
Datas realización	Abril e Novembro 2017
Lugar realización	Centro Cívico A Cuña

3.2.5. SERVIZO DE INFORMACIÓN: DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN

AFFOU ao longo do ano intervén en diversos eventos co propósito de sensibilizar a poboación en xeral sobre as patoloxías que a ocupan, así como para dar a coñecer a existencia da entidade na cidade e propagar a súa labor.

- **Comida benéfica:** O día 4 de Marzo no Restaurante Skala – Expourense, realizouse unha comida benéfica a favor da Asociación. Unha comida na que asistiron unha totalidade de

160 persoas, das cales eran socios/as, familiares, coñecidos e autoridades da cidade, así como persoas famosas como Rubén Riós e Emilio Rúa.

- **Charla en Aixiña:** O día 15 de Marzo, o traballador social da Asociación; Leonardo Quintas García, xunto con outras traballadoras sociais de Aixiña, impartiron unha charla-conferencia a alumnos de Traballo Social da Universidade de Vigo. Nesta charla o traballador social explicou que é AFFOU, o seu funcionamento, as actividades e servizos ofrecidos e a labor que él realiza dentro da Asociación.
- **I Foro Social Provincial:** O día 4 de Abril, o traballador social da Asociación; Leonardo Quintas García, acudiu o I Foro Social Provincial, organizado pola Deputación Provincial de Ourense, no Centro Cultural Marcos Valcárcel, no que participaban diferentes entidades e asociacións sen ánimo de lucro co obxectivo de visibilizar o traballo realizado por elas.
- **Mercadiño do Libro Vello:** O Sábado 15 de Abril celebrouse en Allariz un mercadillo do Libro Vello, no cal estivo presente a Asociación. Contamos cun pequeno stand no cal, xunto coa colaboración de algúns socios e o traballador social de AFFOU, vendemos diferentes libros de segunda man, e tamén demos a coñecer a labor da asociación.
- **Día Mundial da Fibromialxia e do Síndrome de Fatiga Crónica:** o día 12 de maio instalouse unha carpa na rúa do Paseo de Ourense para que todos os viandantes puideran achegarse a coñecer de primeira man a labor da nosa asociación, así como información e/ou asesoramento sobre a fibromialxia e fatiga crónica. Durante a xornada, membros da Xunta Directiva e profesionais de AFFOU, estiveron durante todo o día repartindo diverso material de carácter divulgativo, trípticos da asociación, panfletos con información sobre estas enfermidades e revistas entre outros materias informativos e recadando fondos a través da venda das manualidades elaboradas polos/as socios/as da entidade. Ademais como novidade este ano, a fonte das Burgas iluminouse de cor morado que representa a enfermidade da Fibromialxia. Ao finalizar a xornada acudimos a ver o Club Ourense Baloncesto, os cales nos deixaron por unha mesa informativa e celebraron con nos este día tan importante.



- **I Andaina Solidaria de AFFOU:** O día 28 de Maio AFFOU, organizou unha andaina benéfica a favor da Asociación. O número de participantes ascendeu as 100 persoas aproximadamente. Esta primeira andaina realizouse co obxectivo de festexar o día Internacional da Fibromialxia e da Fatiga Crónica, e tamén a dar a coñecer a labor da asociación á sociedade.



- **Paseo pola Saúde:** Actividade anual organizada por o Concello de Ourense durante os días 30 e 31 de maio, onde as diferentes asociacións de ámbito sanitario da cidade asesoran, informan e reparten material de difusión para dar a coñecer temas relacionados coas distintas enfermidades. A maiores, este ano recadamos fondos coa posta en venta das manualidades elaboradas polos/as socios/as da entidade.



- **Mercadillo de AFFOU:** O día 21 de Junio e 22 de Decembro, AFFOU celebrou dous mercadillos. Coa finalidade de poder recaudar fondos para asociación. Ademais desta maneira deuse a coñecer o traballo realizado polos socios de AFFOU no taller de manualidades. Tamén se aproveitou este mercadillo para dar a coñecer a asociación á sociedade.
- **Termatalia:** Os días 21 e 22 de Setembro a Asociación participou en Termatalia, no recinto feiral Expourense. Contamos cun stand no que coa colaboración de socios e traballador social, demos a coñecer a labor da nosa asociación ao público, así como coñecer diferentes balnearios cos cales poder



establecer un convenio.

- **Conferencia Naturopatía:** O día 30 de Setembro a presidenta, acompañada de varias socias de AFFOU, participou nunha conferencia sobre Naturopatía que se celebraba no Centro Cultural Marcos Valcárcel. O obxecto desta conferencia foi coñecer diferentes técnicas e dinámicas sobre aspectos degenerativos, entre os cales se atopaba a fibromialxia. Na conferencia, AFFOU coñeceu a diferentes médicos, especialistas que falaban aspectos importantes da fibromialxia.
- **Feira do 21:** O Día 21 de Outubro de 2017, AFFOU participou na Feira do 21 que se celebra no Barrio do 21 no Concello de Ourense. A asociación contou cun stand, no que se daba información sobre AFFOU e vendíanse diferentes produtos que elaboran os socios de AFFOU no taller de manualidades.
- **Partido COB:** O día 4 de Novembro, AFFOU acudiu invitada a ver o partido do Club Ourense Baloncesto. A asociación contou cun stand informativo e no que se venderon diferentes produtos elaborados no taller de manualidades. Os encargados de acudir ao acto foron a presidenta, secretaria e traballador social de AFFOU.
- **MERCADILLO DE NADAL (CARBALLEIRA):** AFFOU participou no mercadillo de Nadal celebrado os días 1 e 2 de decembro no barrio da Carballeira. Un evento organizado pola Federación Limiar e o Concello de Ourense. No que AFFOU contou cun stand no que se venderon os produtos realizados no taller de manualidades e deu a coñecer a labor da asociación a sociedade.
- **FEIRA DE SILLEDA:** AFFOU os días 9 e 10 de decembro participou na Feira do Porco de Silleda, que organizou o Concello de Silleda, e na que AFFOU deu a coñecer a labor que realiza a asociación en Ourense e puido vender algún produto que realiza no taller de manualidades.



O número de beneficiarios destas actividades é indeterminado posto que van dirixidas, aos socios e socias de AFFOU, e tamén a poboación na súa totalidade.

3.3. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

▪ Recursos Humanos

Para o desenvolvemento do Proxecto, AFFOU dispón de:

- Un traballador social contratado a xornada parcial, a través dunha subvención da Xunta de Galicia (30 horas semanais), para levar a cabo as tarefas de atención social e administrativas. Ademais este ano realizou un curso bonificado de Prevención de Riesgos Laborales pola academia Arte&Comunicaciones Avanzadas S.L (curso bonificado).
- Unha psicóloga, contratada a tempo parcial para levar a cabo o grupo de axuda mutua e de estimulación cognitiva, na cidade de Ourense.
- Profesionais con convenio coa asociación, neste caso os profesionais de Fisioterapia Cuña, Fisioterapia Kiko Gómez, Fisioterapia Barco e Clínica Kamala Devi de Ioga.
- Outros servizos profesionais está incluídos a Gestoría, neste caso Sercon Ourense, que nos leva a parte de contabilidade e de persoal de AFFOU.
- Profesionais de outras asociacións que forman parte de DISCAFIS-COGAMI, como é o caso de Aodem, e que mediante unha derivación previa de servizo nos ceden os seus profesionais.
- Tres voluntarios, que participaron en diferentes eventos, como foron Andaina Solidaria, Mercadillos, Termatalia, Taller de Risoterapia, etc...

▪ Recursos Materiais

Infraestrutura:

A sede da entidade, encóntrase ubicada na Rúa Recaredo Paz nº 1, na planta baixa do edificio multiusos de Aixiña.

A diferenza dos anos anteriores, nos que existía un convenio de mantemento entre DISCAFIS-COGAMI e o Concello de Ourense e que entregaba a Aixiña en concepto de aluguer de locais e asociacións membro, dende 2016 as entidades tivemos que facer fronte ao pago dun aluguer polo local. Dito aluguer é pagado a Aixiña.



O edificio ten unha superficie aproximada de 3.500m e conta con:

- Transporte adaptado.
- Salón de Actos.
- Despacho de servizos especializados.
- Sala de rehabilitación completamente dotada.
- Cafetería.
- Restaurante, con capacidade para 250 persoas.

Ademáis temos cedido a aula no Centro Cultural de Deputación de Ourense, cedida para o desenvolvemento do obradoiro de autoaxuda (GAM), o centro cívico A Cuña para o desenvolvemento do taller de Risoterapia e a aula de Boccia do CIS Aixiña para a realización do taller de Manualidades.

Equipo:

A entidade conta coa equipación propia de oficina como é: mesa, cadeiras, armarios, archivadores, etc.

Material informático como: 1 ordenador fixo (donado por Correos) e un ordenador portátil, unha impresora multifunción, dúas memorias USB, destrutora de papel, etc.

Material de oficina: carpetas archivadoras, folios, fundas de plástico e todo tipo de material funxible para o desenrolo das actividades propias de oficina.

Este ano mercouse sillas e mesas para por nos stands que realizamos nos mercadillos solidarios de AFFOU.

Tamén hay que destacar que se realizaron novos trípticos, cun novo diseño e coas novas actividades e servizos ofrecidos por AFFOU, coa finalidade de dar a coñecer a asociación a sociedade.

No desenvolvemento da actividade da comida benéfica, mercáronse uns tickets para todos os participantes e asistentes. Unha vez finalizada dita comida benéfica cos tickets prodeseuse o sorteo de regalos donados por varios establecementos da cidade de Ourense.

3.4. RESULTADOS OBTIDOS

Para obter unha avaliación total do proxecto pasáronse uns cuestionarios, consultouse aos participantes e realizouse unha observación directa no desenvolvemento e asistencia as mesmas. No cuestionario de satisfacción os/as usuarios/as puntuaron as actividades levadas a cabo neste 2017 con unha media dun 9 sobre 10.

En canto aos obxectivos específicos do proxecto dicir que se conseguiu cada un deles e para iso mostramos unha análise dos resultados obtidos en cada servizo.

Servizo de Atención Social

É un dos servizos fundamentais da entidade xunto co de apoio psicolóxico, todas as persoas que deciden contactar coa entidade pasan por dito servizo, sendo case sempre o primeiro contacto co traballador social da entidade.

Como dato a destacar , indicar que se atenderon a un total de 80 persoas, moitas delas en máis dunha ocasión, tanto para dar información sobre a entidade, sobre recursos, sobre xestión de minusvalías e incapacidades, como para a súa derivación ao servizo de apoio psicolóxico e ás terapias físico-rehabilitadoras.

A través desde servizo conseguimos o *“obxectivo de informar e asesorar aos afectados/as e os seus familiares e elaborar un plan de atención individualizado para cada un/a”*.

Servizo de Apoio Psicolóxico

A Atención Individualizada tivo un total de 44 beneficiarios que continuaron ao longo de todo ano segundo o criterio profesional recibindo dita atención.

O Grupo de Axuda Mutua tivo un total de 15 participantes dos cales 12 foron constantes durante todo o ano, o nivel de asistencia foi maior incluso que no ano anterior, polo que tivo unha gran acollida polo socios/as.

Nos cuestionarios que se pasaron aos usuarios deste servizo, a maioría concedeulle a máxima puntuación en canto ao nivel de satisfacción.

Con este servizo conseguiuase cumprir dous dos obxectivos do proxecto, *“dar información aos afectados e reducir a ansiedade e o stres e evitar o illamento, fomentando as relacións sociais.”*



Terapias físico-rehabilitadoras

Tras realizar o seguimento do nivel de asistencia ás mesmas, conclúese que se se mantivo durante todo o ano estable a excepción da ioga que viu diminuído o número de usuarios a partir do sexto mes da súa posta en marcha e de pilates, posto que so tivo funcionamento durante un mes, sendo a fisioterapia unha das terapias con maior asistencia.

Conseguíuse grazas a estas terapias *“reducir a dor e mellorar o tono muscular e a elasticidade dos usuarios así como reducir a ansiedade e o estres e evitar o illamento, fomentando as relacións sociais.”*

Ocio

A través do taller de manualidades e do taller de risoterapia conséguese reducir a ansiedade, o estres e o illamento dos socios/as que participan nel, fomentando así as relacións sociais, polo tanto, cumpriuse perfectamente co terceiro obxectivo deste proxecto.

Servizo de Información: Difusión e Sensibilización

Mediante a participación e organización dos diferentes actos mencionados nesta memoria, conseguimos *ofrecer información e asesoramento aos efectos/as e familiares* así como *concienciar a sociedade sobre as a pataloxías* que nos ocupan. Para iso contamos coa participación da traballadora social da entidade e membros da xunta directiva e socios/as que conseguiron cumprir os obxectivos plantexados a través do seu coñecemento e do reparto de trípticos informativos e revistas.

*Os resultados están incorporados na documentación requirida polo Sistema de Xestión de Calidade que temos na entidade e datan do mes de novembro polo que se verán posiblemente incrementados.

3.5. FUNCÍONS ESPECÍFICAS REALIZADAS POLO TRABALLADOR SOCIAL

- Información e asesoramento as/os socios da entidade, tanto a nivel social (recursos, prestacións, dereitos...) como a nivel das actividades e características da propia entidade.
- Atención específica as/os socias/os de carácter social tanto a nivel presencial como a nivel telefónico.
- Elaboración de proxectos sociais para poder optar a subvencións tanto de carácter público como de carácter privado.
- Colaboración activa coas xestións tanto económicas como administrativas realizadas durante este tempo por parte da asociación.



- Colaboración activa na organización de eventos tanto lúdicos como sociais levados a cabo pola asociación.
- Colaboración activa tanto na organización como na posta en práctica de diversos talleres formativos/informativos levados a cabo pola asociación.
- Participación na Auditoría anual de Calidade (ISO 9001) e posta en práctica do compromiso de mellora continua adquirido pola entidade en relación á mesma.
- Labores de comunicación e asistencia a eventos e reunión organizadas polas distintas entidades e institucións da provincia de Ourense
-

3.6. CONCLUSIONES

Para finalizar esta memoria, dende AFFOU, gustaríanos agradecer ao Concello de Ourense pola súa implicación e a súa axuda o longo deste proxecto, xa que en diferentes momentos axudounos para a consecución deste proxecto. E como non, queremos dar as grazas, a atención integral realizada e ó traballo en equipo e a implicación de socios/as, voluntarios/as e familias, xuntos logramos conseguir cada un dos obxectivos propostos neste proxecto, conseguindo como fin principal a mellora da calidade de vida das persoas afectadas por FM y SFC, e os seus familiares.

Presidenta de AFFOU

D^a MARINA AÑEL MURGA

MEMORIA ECONÓMICA AFFOU 2017

ASOC.FIBROM.SIND.FAT.CRONIC.E SENSIB.QUI
G32303802
CL RECAREDO PAZ 1
32005 - OURENSE -
OURENSE

CUENTA DE PÉRDIDAS Y GANANCIAS

Periodo : 01/01/2017
31/12/2017
Fecha : 01/02/2018
Página: 1 de 1

DESCRIPCIÓN	EJERCICIO 2017	EJERCICIO 2016
1. Importe neto de la cifra de negocios	9.638,00	9.474,00
705 - PRESTACIONES DE SERVICIOS	9.638,00	9.474,00
2. Variación de existencias de productos terminados y en curso de fabricación		
3. Trabajos realizados por la empresa para su activo		
4. Aprovisionamientos	-6.374,38	-8.716,77
600 - COMPRAS DE MERCADERÍAS	-535,50	-4.702,77
607 - TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS	-5.838,88	-4.014,00
5. Otros ingresos de explotación	27.000,92	23.727,00
740 - SUBVENCIONES, DONACIONES Y LEGADOS A LA EXPLOTACIÓN	27.000,92	23.727,00
6. Gastos de personal	-20.313,26	-21.836,65
64 - GASTOS DE PERSONAL	-20.313,26	-21.836,65
7. Otros gastos de explotación	-9.979,86	-4.311,17
62 - SERVICIOS EXTERIORES	-9.979,86	-4.311,17
8. Amortización del inmovilizado		
9. Imputación de subvenciones de inmovilizado no financiero y otras		
10. Excesos de provisiones		
11. Deterioro y resultado por enajenaciones del inmovilizado		
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN	-28,58	-1.663,59
12. Ingresos financieros		
13. Gastos financieros		
14. Variación de valor razonable en instrumentos financieros		
15. Diferencias de cambio		
16. Deterioro y resultado por enajenaciones de instrumentos financieros		
B) RESULTADO FINANCIERO		
C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS	-28,58	-1.663,59
17. Impuestos sobre beneficios		
D) RESULTADO DEL EJERCICIO	-28,58	-1.663,59



ASOCIACIÓN DE FIBROMIALGIA, SÍNDROME DE FATIGA CRÓNICA Y SENSIBILIDAD QUÍMICA MÚLTIPLE DE OURENSE
CIF G-32.303.802

ASOC.FIBROM.SIND.FAT.CRONIC.E SENSIB.QU
G32303802
CL RECAREDO PAZ 1
32005 - OURENSE -
OURENSE

BALANCE DE SITUACIÓN

Periodo : 01/01/2017
31/12/2017
Fecha : 01/02/2018
Página: 1 de 1

ACTIVO			PATRIMONIO NETO Y PASIVO		
DESCRIPCIÓN	2017	2016	DESCRIPCIÓN	2017	2016
ACTIVO NO CORRIENTE			ACTIVO NO CORRIENTE		
I. Inmovilizado intangible			A-1) Fondos propios	3.143,30	3.143,30
II. Inmovilizado material			I. Capital	9.754,99	9.754,99
III. Inversiones inmobiliarias			1. Capital escriturado	9.754,99	9.754,99
IV. Inversiones en empresas del grupo y asociadas a largo plazo			101 - FONDO SOCIAL	9.754,99	9.754,99
V. Inversiones financieras a largo plazo			2. (Capital no exigido)		
VI. Activos por impuesto diferido			II. Prima de emisión		
	8.317,32	8.777,96	III. Reservas	-165,35	-165,35
			113 - RESERVAS VOLUNTARIAS	-165,35	-165,35
ACTIVO CORRIENTE			IV. (Acciones y participaciones en patrimonio propias)		
I. Existencias			V. Resultados de ejercicios anteriores	-6.444,34	-4.782,75
II. Deudores comerciales y otras cuentas a cobrar	354,48	354,48	121 - RESULTADOS NEGATIVOS DE EJERCICIOS ANTERIORES	-6.444,34	-4.782,75
1. Clientes por ventas y prestaciones de servicios	354,48	354,48	VI. Otras aportaciones de socios		
430 - CLIENTES	354,48	354,48	VII. Resultado del ejercicio	-2,00	-1.663,59
2. Accionistas (socios) por desembolsos exigidos			129 - RESULTADO DEL EJERCICIO	-2,00	-1.663,59
3. Otros deudores			VIII. (Dividendo a cuenta)		
III. Inversiones en empresas del grupo y asociadas a corto plazo			A-2) Subvenciones, donaciones y legados recibidos		
IV. Inversiones financieras a corto plazo					
V. Periodificaciones a corto plazo			I. Provisiones a largo plazo		
VI. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes	7.962,84	8.423,48	II. Deudas a largo plazo		
57 - TESORERÍA	7.962,84	8.423,48	1. Deudas con entidades de crédito		
			2. Acreedores por arrendamiento financiero		
			3. Otras deudas a largo plazo		
			III. Deudas con empresas del grupo y asociadas a largo plazo		
			IV. Pasivos por impuesto diferido		
			V. Periodificaciones a largo plazo		
				5.202,60	5.634,66
			I. Provisiones a corto plazo		
			II. Deudas a corto plazo	-222,00	
			1. Deudas con entidades de crédito		
			2. Acreedores por arrendamiento financiero		
			3. Otras deudas a corto plazo	-222,00	
			555 - PARTIDAS PENDIENTES DE APLICACIÓN	-222,00	
			III. Deudas con empresas del grupo y asociadas a corto plazo		
			IV. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar	5.424,60	5.634,66
			1. Proveedores	613,00	1.242,10
			400 - PROVEEDORES	613,00	1.242,10
			2. Otros acreedores	4.811,60	4.392,56
			41 - ACREEDORES VARIOS	3.527,20	1.994,13
			465 - REMUNERACIONES PENDIENTES DE PAGO		1.221,81
			475 - HACIENDA PÚBLICA, ACREEDORA POR CONCEPTOS FISCALES	482,57	744,27
			476 - ORGANISMOS DE LA SEGURIDAD SOCIAL, ACREEDORES	801,83	432,35
			V. Periodificaciones a corto plazo		
TOTAL	8.317,32	8.777,96	TOTAL	8.345,90	8.777,96
RESULTADO EJERCICIO	28,58		RESULTADO EJERCICIO		
TOTAL ACTIVO	8.345,90	8.777,96	TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO	8.345,90	8.777,96



Handwritten signature: *Trancho*
Circular stamp: AFFOU - ASOCIACIÓN DE FIBROMIALGIA SÍNDROME DE FATIGA CRÓNICA E SENSIBILIDAD QUÍMICA MÚLTIPLE DE OURENSE. CIF G32.303.802. Tel. 98 636 037. Rúa Recaredo Paz 1, 32005 OURENSE.